

ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



Xosé Otero Espasandín

A divulgación da ciencia na Arxentina

Nacemento: Santa Baia de Castro, Cerdedo (Pontevedra)
1900. Falecemento: Washington (Estados Unidos) 1987
Autor/a da biografía: Díaz-Fierros Viqueira, Francisco
Data de alta: 03/01/2017

Ámbitos de ocupación: Divulgación científica /

Os primeiros anos

Estudou Maxisterio en Santiago e pouco despois de rematar a carreira foi cumprir o servizo militar a Melilla, onde coñeceu a Rafael Dieste. En 1923, de volta en Galicia, exerceu a docencia en Ribeira, pero en 1929 decidiu ampliar estudos en Madrid, na Escuela Superior de Magisterio, na especialidade de ciencias. Entrou en relación coa Institución Libre de Enseñanza e, a partir destes vencellos, traballou como profesor de Matemáticas na Escuela Plurilingüe Internacional (alí coñeceu a súa muller, Alicia Ortiz) e no Museo de Ciencias. En Madrid renovou e reforzou a súa amizade con Rafael Dieste e pasou a colaborar coas Misiones Pedagógicas, nas que tratou a María Zambrano, Serrano Plaja, Sánchez Barbudo, Lorenzo Varela, etc. Estes anos percorrendo os pobos de España, incluída Galicia, rescatando tradicións, divulgando o coñecemento e a cultura por medio dos libros, cine e teatro, marcaron, sen dúbida, a súa

vida, como ocorreu en xeral cos seus compañeiros das Misiones.

Tivo desde sempre unha secreta admiración polas matemáticas, que compartía e cultivaba co seu amigo Dieste, e tiña pensado solicitar unha pensión de estudos para ampliar seus coñecementos no estranxeiro. Tamén a natureza, e máis concretamente o mundo dos paxaros, era outra das súas afeccións, que fican reflectidas nalgúns dos poemas que escribiu nesta época.

O exilio

A Guerra Civil cambiou o rumbo da súa vida: en 1939 cruzou a fronteira francesa, foi internado nun campo de refuxiados e pouco despois conseguiu o visado para trasladarse a Inglaterra, establecéndose en Norwich, onde a súa esposa exercía de profesora de español. Pola súa condición de refuxiado non logrou traballar, aínda que tentou formarse como enxeñeiro electricista. Máis adiante, como consecuencia do comezo da Segunda Guerra Mundial e o restablecemento das relacións diplomáticas con España, a súa muller perdeu o seu traballo e a situación económica do matrimonio fíxose insostible. Pero en 1940, seu amigo Dieste, desde Buenos Aires, onde exercía como editor literario da Editorial Atlántida, conseguille un traballo nela o que lle permitiu obter o permiso de emigración e trasladarse a Arxentina.

A chegada de Otero coincidiu coa posta en marcha en Atlántida da “Colección Oro”, que Dieste había tempo que a tiña proxectada. Destinada a “niños de 7 a 80 anos”, tentaba divulgar a cultura en obras ben escritas e deseñadas e cun tratamento literario que as achegase a un público maioritario. Otero sería durante dous anos o único autor da colección, na que publicaría catorce libros, a maioría de divulgación en bioloxía, astronomía, química, xeografía, mitoloxía, etc. Traballaba día e noite, cun contrato leonino que lle permitía vivir modestamente pero que, sobre todo, lle permitía manter contacto cos seus vellos amigos e proxectar e, nalgúns casos, desenvolver vellas ilusións editoriais e literarias. Nos cinco anos que pasou na Arxentina publicou 26 libros, a maioría de divulgación e coa editorial Atlántida, así como diversas traducións. Tamén publicou máis dun cento de artigos, sobre todo nas revistas da emigración, entre os que habería que destacar os 24 sobre paxaros que escribiu para *Correo Literario*.

Os anos nos Estados Unidos

En 1947 foi contratado por un instituto de ensino secundario de Waynesburg (Pensilvania) para dirixir o departamento de español, no que pasaría seis anos. De alí, como consecuencia dunha enfermidade que contraeu a súa muller, trasladouse a Washington, onde traballou como editor do boletín da Organización Panamericana da Saúde e, posteriormente, como tradutor para o departamento de Agricultura, no que tamén deu clases de castelán para graduados. Sen volver a pisar as terras de Galicia e España, morreu na capital dos Estados Unidos o 15 de outubro de 1987.

As obras de divulgación científica

É posible que na selección dos temas de divulgación científica que incluía a Colección Oro participasen tanto Dieste como Otero Espasandín, pois aquel era un editor moi esixente que traballaba cos autores no relativo ao esquema, índice de contidos, extensión e tempo previsto para a súa publicación. En calquera caso pódese ollar desde o primeiro momento a procura dun equilibrio entre temas relacionados coas

ciencias da terra (*Maravillas de las regiones polares, El cortejo solar, un paseo por el cielo...*) e as ciencias da vida (*Pobladores del mar, Prodigios de las aves, Los seres microscópicos...*), algo que era relativamente normal nas coleccións populares que comezaron a editarse desde as primeiras décadas do século XX. Posteriormente, a partir de 1945, introduciu o coñecemento da materia (*Los átomos...*) e, sobre todo, o avance científico e as súas consecuencias, positivas e negativas, sobre as sociedades humanas (*Riesgo y promesa de la ciencia*). Así como os dous primeiros grupos, correspondentes as ciencias da terra e da vida, semellan responder a unha premeditada planificación editorial, o último grupo puido ser o reflexo da preocupación mundial en relación coas aplicacións da ciencia que comezou a espallarse nos últimos anos da Segunda Guerra Mundial e, sobre todo, a partir do lanzamento das bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki: «Las consecuencias inmediatas del descubrimiento de la bomba atómica no han podido ser más funestas para la paz y la reconciliación de los pueblos» (*Riesgo y promesa de la ciencia*, 1946). A cambio, a colección de textos sobre as aves que aparecerá no *Correo Literario* si que semellan responder a un interese moi especial e particular co autor sempre sentiu pola natureza.

Os libros e artigos de divulgación de Otero Espasandín, ademais de amenos e ben documentados, amosan un excelente dominio do idioma que se traduce en textos que a pesar de corresponder a un xénero literario considerado “menor”, acadan unha expresividade e calidade literaria notables. Por outra parte, o dominio que tiña Otero do mundo clásico e da cultura en xeral reflíctese no contexto histórico dos seus escritos, sempre presente e acáído.

Bibliografía:

Fontes impresas:

Divulgación da ciencia e da técnica:

OTERO ESPASANDÍN, X. (1941a). *Maravillas de las regiones polares*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1944.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1941b). *Pobladores del mar*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1944.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1942a). *Prodigios de las aves*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1944.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1942b). *Los seres microscópicos*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1945.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1942c). *Gigantes marinos*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1945.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1942d). *El cortejo solar*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1945.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1942e). *Un paseo por el cielo*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1945.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943a). *Sociedades de insectos*. Buenos Aires: Ed. Atlantida. 2ª ed., 1946.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943b). *Prodigios de las plantas*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943c). *Nuestro planeta*. Buenos Aires: Ed. Atlantida. 2º ed., 1951.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943d). *La Antártida, como mito y como realidad*. Buenos Aires: Ed. Pleamar.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1945a). *Los átomos desde los griegos hasta nuestros días*. Buenos Aires: Ed. Atlantida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1945b). *Animales viajeros*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1945c). *El mundo de los reptiles*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1950). *Los grandes ríos*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

Con pseudónimo:

MOULIN, Roger (pseudónimo de Xosé Otero Espasandín) (1946a): *La atmósfera inquieta*. Buenos Aires: Ed. Atlantida.

MOULIN, Roger (pseudónimo de Xosé Otero Espasandín) (1946b): *Volcanes y terremotos*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

BEACHDALE, Norman (pseudónimo de Xosé Otero Espasandín) (1946c): *Riesgos y promesa de la ciencia*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

Traducciones:

WHIPPLE, F. L. (1944): *Tierra, Luna y planetas*. Buenos Aires: Ed. Pleamar.

SMART, W.M. (1944): *La astronomía al día*. Buenos Aires: Ed. Abril.

ALLCOTT, A y BOLTON, H.S. (1945): *La química al día*. Buenos Aires: Nova.

Temas literarios, históricos e de arte:

OTERO ESPASANDÍN, X. (1941): *La civilización del Nilo*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2º ed., 1944; 3ª ed., 1950.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943e): *Narraciones mitológicas*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943f): *La Grecia heroica*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1952 (*Grecia heroica y clásica*).

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943g): *La Grecia clásica*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1952 (*Grecia heroica y clásica*).

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943h): *Roma. La República*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1949 (*Roma: La República y El Imperio*).

OTERO ESPASANDÍN, X. (1943i): *Roma. El Imperio*. Buenos Aires: Ed. Atlántida. 2ª ed., 1949. (*Roma: La República y El Imperio*).

OTERO ESPASANDÍN, X. (1944): *El deporte griego*. Buenos Aires: Ed. Labor.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1945d): *La civilización mesopotámica*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1947): *El gran tablero de la política mundial*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1948): *Historia de la educación*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

OTERO ESPASANDÍN, X. (1984): *Cuentos que me contó Dieste*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

Traduccions:

NETTLESHIP, R.L. (1945): *La educación del hombre según Platón*. Buenos Aires: Ed. Atlántida.

LASKI, H. J. (1946): *Reflexiones sobre la revolución de nuestro tiempo*. Buenos Aires: Ed. Abril.

Artículos no *Correo Literario* (1943-1945):

“Amigos desaparecidos”: 15/11/1943.

“El amor entre las aves”: 01/12/1943.

“Extrañas amistades”: 15/12/1943.

“Majestades Antárticas”: 01/01/1944.

“El superviviente de tres ojos”: 15/01/1944.

“Seres que ignoran las fronteras”: 01/02/1944.

“Un pájaro que anda bajo el agua”: 15/02/1944.

“Alas sobre el mar”: 15/03/1944.

“La vida privada del carrizo casero”: 01/04/1944.

“Don Juanes femeninos entre las aves”: 15/04/1944.

“Plumas que cantan”: 01/05/1944.

“Un héroe del sur: El Pingüino emperador”: 01/06/1944.

“El caso del cuclillo”: 15/06/1944.

“El ave más útil: el Guanay”: 01/07/1944.

“Los amoríos del Honker”: 01/08/1944.

“Ciudadanos del Ártico”: 15/08/1944.

“Pájaros estetas”: 01/09/1944.

“El ñandú”: 15/09/1944.

“Aves embusteras”: 01/07/1945.

“Aves pescadoras”, 01/09/1945.

“El canto del cisne”: 01/11/1945.

Na revista *De mar a mar*:

“Orfeo”: 03/02/1943.

Bibliografía secundaria:

CUQUEJO ENRIQUEZ, M. (2006): *Xosé Otero Espasandín. Obra galega*. Santiago: C. Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia.

DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. (2017): José Otero Espasandín (1900-1987). Un divulgador científico español en la Argentina, *Arbor* (en prensa).

OTERO VARELA, I. (2001): Otero Espasandín en El Correo Literario de Bos Aires, Consello da Cultura Galega (Ed.), *Actas do Congreso Internacional “O exilio galego”*., Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 948-969.

OTERO VARELA, I. (2008): Una aproximación a los libros infantiles en el exilio español (1939-1977), en A. Pelegrin, M.V. Sotomayor y A. Urdiales (eds.), *Pequeña Memoria Recobrada. Libros infantiles del exilio del 39.*, Madrid: Secretaría Técnica. Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.

PEREIRA, D. (2004): *Xosé Otero Espasandín. Vida e pensamento dun cerdedense desterrado*. Terra de Montes: Verbo Xido.

REI NUÑEZ, L. (1986): *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.

Como citar esta páxina:

Díaz-Fierros Viqueira, Francisco ([2017], “Xosé Otero Espasandín”, en *Álbum da Ciencia*. *Culturagalega.org*. Consello da Cultura Galega. [lectura: 03/02/2023] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=1076>]

Máis información e materiais complementarios en

<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=1076>

Un proxecto do

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202